

«A GAITA AO LONXE»¹. NOTAS SOBRE A CONSTRUCCIÓN DA GALEGUIDADE EN LISBOA²

Juan-Gil López Rodríguez
Musicólogo

¹ Alusión a *Galicia ao lonxe*, título da actual publicación do Centro Galego de Lisboa.

² Este texto é o resultado dun traballo de campo, realizado en Lisboa durante o ano 1998-1999, que non sería posible sen a inestimable axuda e apoio da, entón, profesora da FCSH (Universidade Nova de Lisboa) Susana Sardo e a boa vontade dos integrantes da Xuventude de Galicia.

O feito de que o espazo urbano tivese nestes últimos anos unha crecente relevancia nas investigacións etnomusicolóxicas non responde tanto á desaparición dos contextos que «alimentaban» tradicionalmente esta disciplina como á revisión teórica á que se viu sometida, e que deu como resultado unha profunda reformulación dos criterios que definen o seu obxecto de estudo (Grenier/Guibault 1990: 383).

Aínda que as delimitacións espaciais e políticas foron durante moito tempo definitivas para a localización do «outro», agora semellan desintegrarse no embate coa crítica posmoderna, que non define a alteridade tanto en si mesma como en relación co investigador, ao tempo que a súa autoridade é constantemente cuestionada. É aquí onde se produce a expansión da disciplina cara a unha «antropoloxía do próximo», reivindicada por Marc Augé (1995: 15) –entendida como unha co-ordenada espacial e temporal (aquí/agora)–, que se manifesta con especial forza no moderno contexto urbano. Urxe entón acoutar o obxecto de estudo en termos relativos e redescubrilo nun espazo altamente heteroxéneo no que poden activarse mecanismos etnicitarios que determinan os comportamentos sociais.

Conceptos como grupo étnico ou etnicidade indican necesariamente a existencia dun contacto intergrupar. O grupo defínese con maior forza en función da diverxencia, en tanto que «a identidade do grupo debe ser sempre definida en relación ao que eles non son, noutras palabras, en relación aos non-membros do grupo» (Eriksen 1993: 10).

Mais non todo grupo é étnico. Precísanse certos requisitos, entre eles a alusión a un pasado, sexa real ou ficticio, que xustifique a proximidade entre os seus membros e a referencia a trazos comúns, entre os que se contan numerosos elementos que se consideran representativos dunha cultura e que están na base da formación da conciencia étnica.

O uso deste universo compartido de referencias pódese intensificar en maior ou menor medida segundo o contexto en que nos atopemos e incluso poden pasar a formar parte del novos elementos co fin de diferenciar –cara a fóra– e aglutinar –cara a dentro. A delimitación do grupo, feita dende o punto de vista do «outsider», tende a establecer estereotipos que non teñen necesariamente un valor negativo –estigmatización–, senón que se poden utilizar positivamente co fin de reforzar a adscrición grupal. Neste senso podemos asumir que a etnicidade non existe como unha categoría absoluta e estable, senón que se trata dun constructo actualizado nunha negociación constante, polo que xorde a necesidade de «exa-

minar varios xeitos polos que, baixo certas condicións económicas, sociais e políticas, os individuos e os grupos a constrúen» (Grenier & Guibault 1990: 388).

Pola súa banda, os galegos, en tanto grupo étnico, comparten unha «conciencia de orixe común, non baseada en vínculos de sangue, mais si soportada polo sentimento de pertenza a unha *comunidad simbólica* con elementos de cultura propios, dos que é un expoñente notorio a posesión dun idioma neolatino, o galego, utilizado máis ou menos intensamente pola poboación» (González Reboredo 1999: 55). Este sentimento de adscrición á colectividade galega (galegitude) maniféstase nun amplo repertorio de referentes culturais (gastronómicos, arquitectónicos, iconográficos, literarios ou musicais, entre outros).

Nos últimos anos deuse un considerable incremento do interese por entender como a música participa neste proceso de etnoxénese e é aquí onde o fenómeno da emigración se amosa como un contexto revelador para a súa comprensión³.

Unha música devén etnicamente significativa non tan só polo seu proceso de xestación, senón tamén polo contexto en que se insire; é dicir, pola «situacionalidade». O mellor exemplo témolo nos usos musicais dos emigrados. Na súa necesidade de construír espazos simbólicos propios dentro da nova sociedade receptora (Martí 1996).

NOTAS SOBRE A EMIGRACIÓN GALEGA

Co desenvolvemento do capitalismo e co auxe da industrialización acentuouse entre aqueles máis desfavorecidos a necesidade de abandonar a súa comunidade para asegurar a subsistencia propia e a dos seus. Aínda que este tipo de desprazamentos entrarían dentro do que se coñece como unha «emigración voluntaria», que, como acontece no caso de Galicia, responde maioritariamente a causas económicas, non se poden xustificar única e exclusivamente en función do poder de atracción exercido por un destino prometedor («pull»), senón que é o resultado dunha complexa rede en que atopamos diversos factores internos («push») que fan da emigración unha necesidade vital (Reyes Schramm 1990: 13).

³ Nesta liña destacan, entre moitos outros, os traballos de Schramm (1990), Hirshberg (1990) ou Hirshberg/Seares (1993).

A partir do século XVI a emigración presenta unha relevancia significativa nos censos da poboación galega. O desenvolvemento de núcleos urbanos en Galicia é considerablemente tardío respecto ao resto de España e de Europa. Por esta razón durante moito tempo Galicia presentou un perfil altamente rural centrado na explotación de recursos agrícolas, gandeiros e marítimos. Trátase dunha produción de subsistencia que coloca a poboación nunha inestabilidade altamente vulnerable ante a crise.

Ademais, a constante división das terras, o sistema minifundista da propiedade e a persistencia de arrendamentos organizados en foros e subforos, propio do antigo réxime, imposibilitaron a introdución de novas técnicas de cultivo. A isto xúntase o fracaso da burguesía nos seus intentos por financiar o desenvolvemento dunha infraestrutura industrial, polo que en períodos de crise agrícola o excedente de man de obra non atopa unha saída laboral máis alá das ocupacións artesanais paralelas, que resultan insuficientes. É neste momento cando a emigración se converte na única solución para a supervivencia, tendo unha especial incidencia nos índices demográficos do século XIX, e transfórmase pouco a pouco nun sinal de identidade para a poboación galega. Atopámonos ante o que se podería chamar un *desprazamento limitado*, caracterizado pola partida dunha pequena parte da poboación que mantén os vínculos coa comunidade de orixe, que os abastece de información e lles serve de soporte cultural (Jehoash Hirshberg 1990: 68).

O CASO PORTUGUÉS: LISBOA

O fluxo migratorio cara a Portugal non se consolidará ata os primeiros anos do XVIII, século en que a meirande parte da poboación, que con anterioridade se dirixía cara a Castela ou Andalucía, opta polas terras lusitanas, especialmente polas súas dúas cidades máis activas: Lisboa e Porto. As razóns que propician este cambio son a posibilidade de eludir as levas militares e o considerable aumento na demanda de man de obra non cualificada, que se converte nunha necesidade tras o desastroso terremoto que tivo lugar en 1755, a posterior reedificación pombalina –na que se ofreceu a posibilidade de realizar traballos cualificados (albanais e canteiros principalmente)– e as medidas restritivas promovidas polo propio

Marqués de Pombal en 1761, que reducen a presenza de escravos na metrópole, anticipando a súa posterior abolición.

Ao dedicarse aos traballos de braceo durante longos anos fano con prexuízo de Galicia de onde emigran [...] a meirande parte chegan aquí para se subtraer ao servizo de armas en España (Cónsul Español no Porto [1868], citado en López Taboada 1993: 421).

Aínda máis precisa é a apreciación ofrecida un século antes (1764) no *Informe Orixinal do Conde de Campomanes*, que denota unha considerable preocupación pola constante «pasaxe de galegos a Portugal».

En Lisboa, polo gran comercio daquel porto, atopan facilidade os galegos de gañar un xornal maior que en Galicia. Esta ganancia ou vantaxe de utilidade é a que os chama a Portugal [...] A segunda [...] consiste na inxustiza de incluír nas quintas aos galegos en todas as provincias de Castela, e con tal arte que sempre fan que recaia neles a sorte. Esta é unha das principais causas de pasarse a Portugal, onde non lles fan tal extorsión (Rodríguez Campomanes 1973: 423-424).

Á cada vez máis significativa presenza desta poboación desprazada e ao seu importante papel nos labores de abastecemento suporá, ao mesmo tempo, unha situación incómoda naqueles momentos en que o goberno portugués pretende a súa expulsión, como acontece en 1801 a raíz do enfrontamento coñecido como a «Guerra das laranxas» –na que está implicada España–, un dilema que se volverá repetir noutras ocasións.

Quando, en 1801, se pretendeu expulsar os galegos em razão da guerra, não se fez, porque o Intendente Geral da Polícia representou que, se se mandassem embora, não haveria quem servisse a cidade de Lisboa e Porto (Alexandre Herculano, citado en Consiglieri 1994: 14).

Será concretamente na cidade de Lisboa onde a comunidade de galegos adquire unha maior relevancia debido ao seu carácter máis sedentario, favorecido, en parte, pola distancia con Galicia. Así, a súa significativa presenza queda reflectida en certas localizacións urbanas, como o «Beco dos Galegos» (Estevan 1956: 37), «Rúa dos Galegos» (*ibid.*), «Vila Galega» (*ibid.*) e a «Ilha dos Galegos» (*ibid.*: 45).

Aínda que se calcula que a finais do século XVIII habitaban na cidade de Lisboa uns corenta mil⁴, estas estimacións deben manexarse con certa prudencia, xa que á imprecisión das fontes lle hai que engadir a tendencia a aglutinar, baixo o termo de «galegos», unha clase traballadora que accedía a ocupacións laborais moi tipificadas e que reunía todos aqueles que chegaban do norte, tanto de Galicia como de Trás-os-Montes ou da zona miñota; emigrantes que compartían unha mesma sorte e entre os que as diferenzas eran apenas administrativas.

Así, cando os «bandos» de galegos atravesaban as fronteiras e entraban en Portugal non viñan resolver por si mesmos un problema de falta de man de obra orixinado pola emigración, no Norte, ou pola débil densidade de ocupación, no Sur [...] grande parte da poboación do Norte movíase en adaptación continua e os galegos incorporábanse nese movemento, que ocasionaba a recomposición do mercado de traballo (Fernandes Alves 1997: 71).

Cando a súa estancia na cidade se fai máis estable, acontece un proceso que desemboca na aparición da figura estereotipada do emigrante galego, caracterizada por uns hábitos e costumes concretos, en función dunha diferenza evidenciada tanto na singularidade do seu idioma como na súa vestimenta e comportamentos. É por isto polo que axiña se converte nunha estampa pintoresca dentro do imaxinario popular, tal e como vemos na abundante literatura que narra as súas aventuras e desventuras ou na produción gráfica⁵ que nos amosa nas situacións máis dispares. Todas estas peculiaridades convérteno nunha parte indisoluble do acervo popular da cidade en que vive –habitualmente hospedado na «Casa da malta»⁶– e traballa, do mesmo xeito que celebra as súas festas. Neste contexto encontramos algunhas alusións á utilización da gaita, «o instrumento nacional» utilizado polo galego «pela Páscoa e pelo Espírito Santo»

⁴ «São, ao todo, cerca de oitenta mil, espalhados pelos diversos pontos e cidades de Portugal, e só em Lisboa existen uns quarenta mil» (testemuño de Joseph B. François Carrère [1796], citado en Xosé Lois García 1996: 183).

⁵ A pintoresca presenza do galego queda caricaturizada tanto nas tiras cómicas de Rafael Bordalo Pinheiro como nas primeiras creacións cinematográficas portuguesas: *A Canção de Lisboa*, de Cotinelli Telmo (1932), e *O Pai Tirano*, de António Lopez Ribeiro (1941) (Consiglieri 1994: 22).

⁶ Domicilios en que conviven varios traballadores.

para pedir «esmola nas ruas da capital para os círios, dos quais fazia parte» (Augusto Palmeirín, citado en Estevan 1956: 45) ou na concorrida festa de Santo Amaro, que aparece citada en numerosos textos.

A 15 de Janeiro, dia de Santo Amaro, é que se fazia a festa e romaria dos galegos residentes em Lisboa, vinham aos grupos e à frente deles os tradicionais gaiteiros, os homens do tamboril, do redoblante e do zambomba [...] Em todos os domingos de Janeiro começava logo a ouvir-se o zambomba acompañado pelo tambor e pelo gaiteiro (citado en Consiglieri 1994: 16)⁷.

As principais ocupacións que desempeñaba esta poboación ían dende «moços de fretes», a «aguador», pasando por infinidade de tarefas servís como a de mensaxeiros ou traballadores das bombas de auga empregadas nos incendios.

Em todas as esquinas das ruas de Lisboa depáram-se moços de fretes e recados e aguadeiros, oriundos de Galiza [...] que não se recusam a nenhum trabalho penoso [...] Gozam de fama de honestos, merecidamente adquirida (María Rattazzi -1882-, citado en Consiglieri 1994: 14).

Ao longo do XIX a emigración cara a Portugal diminúe en favor dos destinos transatlánticos, que se reducen drasticamente a mediados dese mesmo século paralelamente ao desenvolvemento dos transportes e á habilitación da provisión de augas coa apertura do acueduto da cidade. Extínguense así moitas das ocupacións que os galegos desempeñaban, xerando unha nova situación en que apenas permanecen aqueles que podían acceder a empregos liberais ou que prosperaban ata se converter en propietarios dos seus negocios, habitualmente dentro do ramo da hostalaría.

Así, a percepción mudará considerablemente no momento en que a colonia acceda a un novo status, diluíndose na sociedade receptora ao tempo que xorde a necesidade de reforzar os vínculos entre os membros da comunidade, que reclaman, agora orgullosos, a súa diferenza.

⁷ Memorias do Conde de Maфра. Texto incluído no libro de Francisco Cândia (1940): *Lisboa de outros século. Cem anos de pitoresco*. Lisboa. Pp. 305-306.

XUVENTUDE DE GALICIA/CENTRO GALEGO DE LISBOA

A tendencia ao asociacionismo é unha constante entre os emigrantes galegos⁸, agrupados con distintas finalidades, pero sempre baixo unha conciencia de irmandamento, que cobra especial forza na segunda metade do século XIX, dando lugar ao que se coñece xenericamente co nome de centros galegos.

En 1905 fúndase a primeira Casa Rexional de Lisboa –Alto Douro–, soamente tres anos despois aparece a Juventud de Galicia⁹ –hoxe Xuventude de Galicia/Centro Galego de Lisboa.

Xurdida a raíz do conflito que provoca a expulsión dun grupo de galegos dunha festa, a meta inicial que persegue é, en primeira instancia, a de se converter nunha sociedade recreativa ao mesmo tempo que nun núcleo de cohesión comunitaria fronte a calquera tipo de hostilidade.

Entre as súas finalidades iniciais, tal e como lemos nunha segunda edición dos estatutos, datados en 1927, atopamos a de «fomentar a solidariedade, instrución, recreo e cultura entre os galegos residentes en Lisboa». Mais este ideario ampliárase considerablemente nos actuais estatutos, que procuran a conservación da cultura e da tradición, converténdose «nunha asociación de persoas interesadas no desenvolvemento da cultura galega...» (art. 2º), que «terá como finalidade directa a propagación entre os seus asociados de actividades culturais, recreativas e sociais que fagan xurdir lazos de amizade e compañeirismo entre eles...» (art. 3º) e que deberá «promover a continuidade dos valores, costumes e usos tradicionais de Galicia ante os seus asociados» (art. 4º). Neste sentido, o cambio denota unha evolución dende valores similares aos dunha «Asociación de barrio» aos dunha «Casa rexional»¹⁰. Isto prodúcese mediante un proceso que os aproxima á Galicia ausente –sexa esta poética ou real– mediante a conceptualización dunha identidade propia na súa versión de cultura transplantada.

⁸ Sixirei Paredes (2001: 69) data o inicio desta tendencia en 1741, cando aparece en Madrid a «Congregación de Naturales del Reino de Galicia».

⁹ 10 de novembro de 1908.

¹⁰ Pujadas (1993) establece como diferenciación entre casa rexional e asociación de barrio o feito de que as Asociacións de Barrio teñen un carácter basicamente práctico e poden desaparecer no momento en que rematan a súa función, que é a de facilitar o establecemento dun grupo que ten dificultades á hora de ser aceptado. Pola súa banda, as casas rexionais buscan reforzar os vínculos coa cultura de orixe e teñen un valor basicamente afectivo.

Facíamos uns «seráns», procurando se-lo máis típicos posibles, esto é, o que era un «serán» nas aldeas. Era nunha corte de bois, había un individuo cunha pandeireta ou cunha gaita, tocaba e os outros bailaban, [...] Daban, porque eso era xeralmente en inverno, o viño branco e as «castañiñas» para anima-la festa (Gabino Gil)¹¹.

Valores como o de «típico», «popular» ou «enxebre» aparecen de forma reiterativa no discurso oficial do Centro como enalzamento dunha orixe compartida, perseguindo reforzar os vínculos coa «terra», ao mesmo tempo que entre os membros da colonia, e transmitindo unha idea de «autenticidade» fortemente vinculada ao territorio.

Eu son *enxebre*, nacín alá, e hai moitos que son galegos pero nacidos fóra, non son *enxebres*, son fillos de galegos nacidos aquí. Aquí hai moita xente que ten a nacionalidade española pero naceu aquí (Gabino Gil)¹².

Neste sentido, «enxebre» non só serve para establecer diferenzas coa sociedade receptora, senón que se converte, de igual xeito, nun importante parámetro que determina os graos de pertenza ao grupo, xa que oficialmente é requisito imprescindible nacer en Galicia, de pai e nai galegos para poder ser socio efectivo.

MÚSICA E GALEGUIDADE EN LISBOA: ANAQUIÑOS DA TERRA¹³

En situacións de desprazamento as persoas intentan establecer unha serie de coordenadas para situarse no contexto receptor, tendendo a recrear, para isto, prácticas existentes na súa comunidade de orixe. Se temos en conta que estas prácticas, habitualmente alleas ao novo contorno, se presentan como marcas etnicitarias, será importante estudar os posibles criterios de selección.

¹¹ Entrevista persoal realizada a Gabino Gil (Lisboa 20/5/98), un dos socios máis antigos, que desempeñou numerosos cargos directivos.

¹² Entrevista persoal realizada a Gabino Gil (Lisboa 6/9/99).

¹³ O nome «Anaquiños da Terra» reforza a idea de apego ao espazo perdido, o que está moi presente no discurso dos entrevistados, que habitualmente substitúen Galicia polo termo máis xenérico de «a terra».

A aparición da Xuventude de Galicia en 1908 supón oficializar a adscrición a un grupo cultural concreto, aínda que só estean asociados unha pequena parte da colonia de galegos residentes en Lisboa –xeralmente os máis favorecidos economicamente–, atendendo, como ocorre na maioría dos centros destas características, ás «inquietanzas dunha minoría e non dun sentimento xeneralizado» (Sixirei Paredes 2001: 72).

Aínda que a información referente ás prácticas musicais e festivas ás que tiven acceso é moi escasa ata os anos trinta, todo apunta a que a función desempeñada pola música a partir deste momento sería similar á dos primeiros anos.

Así atopamos a alusión á existencia dunha actividade musical estable na programación das primeiras reunións, que consistían nunha «velada musical, literaria e baile» nas que, ademais do recitado de «versos galegos» por parte dos asistentes, se ofrecía un recital á concorrida rolda da entón «Juventud de Galicia», incluíndo un variado repertorio («Himno *Juventud de Galicia*», «Waltz Aula», «Pasodoble Hispano-Lusitano», as tres asinadas por Motta¹⁴, «Barcarola de la Zarzuela Cádiz» de Chueca/Valverde e a «Alborada» de Pascual Veiga)¹⁵.

Se observamos a vida da colonia galega vinculada coa Xuventude de Galicia a través das programacións culturais que se conservan na súa biblioteca, atopamos unha tendencia á organización de reunións lúdicas moi próximas ás de calquera outra asociación da cidade con non demasiadas alusións a trazos musicais diferenciados. Trátase de «Bailes» dominicais planificados como actos de sociedade aos que habitualmente se lles confire un carácter monográfico («Fiesta de la primavera», «Concurso del vestido de cuatro pesetas», «Fiesta de elegancia y belleza», «IV aniversario de la República Española»...), nos que a música é articulada basicamente arredor dos ritmos de moda («Concurso de Fox-trot») e da participación de diferentes orquestras (Orquesta Lisboa, Orquesta Europa, Orquesta Blue Jazz, Orquesta Jazz Micky...)¹⁶. De xeito esporádico podían incluírse elementos axeitados a un ideario que pretende reforzar a vinculación coa comunidade de orixe, nos que se fai uso de termos como os antes mencionados (típico, popular, enxebre). Como exemplo disto está a programación da Festa de Santo Antonio (domingo 14 de xuño de 1936), na que se presenta como «atractivo especial»

¹⁴ É probable que se trata dun integrante da propia Rondalla, presumiblemente o director.

¹⁵ Citado en *Heraldo de Galicia*, maio-xuño 1959.

¹⁶ Programación de abril de 1935.

unha sesión de «Cantares galegos» ou a selección que o día 25 de xullo dese mesmo ano soou na emisora Radio Club Portugués, cun repertorio «que constará de música e cantares da nosa rexión, e na que colaborarán elementos desta Sociedade [Xuventude de Galicia]»¹⁷.

En ocasións certos actos adquiren unha maior relevancia social, como acontece no «Grandioso espectáculo» presentado o sábado 18 de xaneiro de 1936 no Teatro do Ginásio de Lisboa, que inclúe un programa de variedades no que participa a Tuna Universitaria Compostelana, a rolda e unha orquestra típica coñecida como Os Carotas. O repertorio musical incluía «Ecos Españoles» de Marquina, «Balada y alborada del Sr. Joaquín» de Caballero, «Marcha Turca» de Mozart ou «Recuerdos de la Alhambra» de Tárrega, entre o que se insire a representación do segundo acto da *Casa de la Troya* de Pérez Lugín.

Aínda que as referencias que atopamos tanto á presenza de grupos que interpretan un repertorio folclórico propiamente dito como á utilización da gaita son máis ben escasas ata ben superada a metade do século xx, isto non significa necesariamente que non fose unha práctica habitual que puidese xurdir de xeito espontáneo.

Xa nos anos cincuenta a presenza dun repertorio folclórico cobra unha maior relevancia nas programacións, como no «grandioso paseo fluvial nocturno», unha festa que tivo lugar nas augas do río Texo a bordo do vapor «Lisbonense» o 13 de xullo de 1955.

O 21 de xaneiro de 1950 preséntase o «Rancho Gallego» na «Velada de Gala» no Centro Español, en honor do cónsul xeral, «acompañados pola gaita galega».

Esta formación será o preámbulo doutra agrupación, aínda activa, fundada o 6 de xaneiro de 1956 co nome Anaquiños da Terra, na que se inclúe un coro, un grupo de gaitas, un grupo de danzas e un grupo de teatro¹⁸.

A finalidade era dar a coñecer ó pobo [de Lisboa] a riqueza do noso folclore, era eso, e era tamén facer ver que nós non éramos tan maos como eles pensaban que éramos, o sexa; que se... había un concepto dos galletos, como te digo, un concepto un pouco baixo: «¡Ai!, ti que es galego», un ton desprezativo e entón nos vivíamos en toda esa fermentación, ¿non?...

¹⁷ Nota anunciada no programa de festas de xullo de 1936.

¹⁸ Esta nova formación segue o modelo do coro galego estetizado proposto por Perfecto Feijoo con Aires da Terra e que pronto se converte nun exemplo que seguirán distintas agrupacións corais galegas.

Dentro do que era a colonia cada actuación que nos facíamos, na que participásemos..., a colonia nos apoiaba e ía aos teatros pagando as súas entradas polo espectáculo. O final só era eso, porque nos creábase un espectáculo cultural no que se facían pezas de teatro galego, onde había poesía e entón os coros, o canto, todo un programa para completar dúas horas de espectáculo, [...] había que enchelo con algo máis que non foran só contos, para non saturar..., había que diversificar un pouco o espectáculo. Entón era así, con teatro galego, con poesías, con cousas, pero sempre con ese fundamento (Artemio Laxe)¹⁹.

Coa aparición desta «agrupación coral e artística» orixínase un importante cambio, que vai insistir nos elementos considerados como propios e que, como explica o propio Artemio Laxe, non só servía de referente para os asociados, senón para toda a comunidade de galegos residentes en Lisboa no seu sentido máis amplo. É neste momento cando a construción dunha imaxe da Galicia chea de saudade parece perfilarse con máis forza a través da exaltación poética, con elementos que van da paisaxe á *paisanaxe*, a través dun acercamento á súa historia, á súa literatura e á súa música, que se promove en distintas publicacións –*Voz de Breogán*, *Heraldo de Galicia*, *O Galego* e *Galicia ao Lonxe*.

Así, a presenza dos elementos folclóricos cobra unha maior relevancia dentro da programación cultural, aparecen os «Concursos de Jota y Muiñeira» (programación de marzo de 1956), que substitúen os «concursos de Fox-Trot» dos anos trinta, numerosas obras de teatro e concertos do coro, do grupo de danzas e gaitas de Anaquiños da Terra. Esta eclosión da exaltación dunha Galicia idealizada está presente, con especial forza, durante os anos en que Avelino Abuín «de Tembra» González se fai cargo desta formación. O seu paso polo Centro marcará un momento álxido na reflexión sobre a galeguidade, tal e como vemos tanto nalgúns dos seus textos como nas actividades de homenaxe á «cultura galega».

Ao mesmo tempo que a Xuventude de Galicia mantén a súa función como espazo lúdico promove, agora con máis forza, unha toma de conciencia que se constrúe a partir do ideario galego e que se dirixe cara ao ambiente de acollida.

A promoción da cultura galega adquire a partir deste momento unha nova dimensión coa participación en actos de maior repercusión na vida da cidade, como

¹⁹ Entrevista persoal realizada a Artemio Laxe. Un dos membros máis antigos e director da dirección do grupo Anaquiños da Terra (Salvaterra 24/4/00).

é o caso da «Fiesta Típica Gallega», celebrada en 1953 o día de Santiago Apóstolo no recinto dos Bombeiros Voluntários de Queluz, «abrilhantada por una orquestra e por un grupo de gaiteros»²⁰, o «Festival Galaico-Minhoto» (29 de maio de 1957) ou do «Grandioso Festival Artístico y Danzante» –50 aniversario– organizado no Pavilhão dos Deportes Náuticos –Espelho de Água– de Belém o sábado 12 de abril de 1958 coa actuación coral de «Anaquiños da Terra en coros y danzas regionales galaicas». Esta promoción da cultura musical galega na cidade de Lisboa encontrará un dos seus momentos máis importantes en 1963 coa celebración do 7º aniversario dos Anaquiños da Terra, que é introducido do seguinte xeito:

Galicia estará presente en Lisboa con un festival en que las melodiosas notas arrancadas al puntero por las sabias manos de las Gaiteiras y Gaiteiros de Galicia, los alalás, muiñeiras y pandeiradas surgirán en rítmica cadencia mostrando en este hermano País que tan alto concepto tiene de lo regional, el tesoro artístico de nuestras gentes y tradición.

O acto principal terá lugar no Teatro Nacional D^a María II o domingo 31 de marzo de 1963, incluíndo o grupo de gaiteras «Saudade» de Ribadeo, «Froles Mareliñas» de Chapela (Vigo), «Recitación de Poesías Gallegas» e como colofón a música de Anaquiños da Terra. Este festival adquire ademais unha maior difusión grazas ás gravacións parellas realizadas para a Radio Nacional e para a Televisión Portuguesa.

Pola súa banda, a gaita como elemento seleccionado para representar a cultura galega en Lisboa cobrará especial importancia nos últimos anos, respondendo tanto ao interese entre as novas xeracións como entre os portugueses que se achegan a esta colectividade, polo que inevitablemente se converte nun dos principais indicadores musicais da galeguidade.

A gaita é realmente a música celestial de Galicia, é aquela do baile ledo, que se canta e se toca aínda [...] Nestes últimos anos en calquera lado hai grupos de gaiteros na nosa terra. E aquí a gaita foi a expresión que nos uniu durante moito tempo, é indiscutible que foi a gaita (Gabino Gil)²¹.

²⁰ Nota de prensa no *Diário Popular*. Lisboa, 24 de xullo de 1953.

²¹ Entrevista persoal realizada a Gabino Gil (Lisboa 20/5/98).

Este poder aglutinador non se reduce simplemente aos socios da Xuventude de Galicia, senón que se amplía a toda unha colectividade, que asiste aos actos ofrecidos de forma pública, promovendo a revalorización da figura do galego, que seguía fortemente vinculada a aquela imaxe popular retratada como unha personaxe caricaturesca e popular con connotacións negativas.

Cando se oía a gaita algo vibraba en nós, formaba parte de nós, nosa morriña, nosa saudade de aquí da terra, avivaba as nosas lembranzas, entón si que tiña un sentido moi especial, moi especial en medio de toda esa xente, que non tiñan moitas posibilidades de se xuntar. A colonia que estaba en Lisboa en certo momento era unha colonia á que lle faltaba espírito de «xuntanza», ían alí un pouco individualistas, porque ían só a buscar cartos sen que lles importara promocionar a súa terra, como sería o máis lóxico, entón a colonia que estaba alí era unha colonia en certo modo dispersa, porque non se xuntaba (Artemio Laxe)²².

Así a presenza da gaita pasará a converterse, ademais, nun vínculo entre a cultura galega e a de Portugal, que cobra especial forza nos últimos anos, nos que se inicia un, cada vez máis, importante interese pola recuperación deste instrumento na súa versión portuguesa (gaita-de-foles), especialmente a través de Paulo Marinho, músico portugués que colaborou de forma asidua co grupo de gaitas de Anaquiños da Terra, impartindo clases no propio Centro Galego. Este movemento está presente na aparición da Associação Portuguesa para o Estudo e Divulgação da Gaita-de-Foles e o seu grupo Gaitafolia.

A maioria dos gaiteiros aspira apenas a ter, a possuir uma vistosa e fina gaita galega; os instrumentos que vemos em suas mãos são praticamente todos dessa proveniência, e os velhos tipos nacionais perderam-se completamente (Veiga Oliveira 1982: 177).

Podemos concluír que a música é un elemento clave no proceso de adscrición á colectividade galega (galeguidade) entre as persoas vinculadas á Xuventude de Galicia. A conciencia de diferenza faise evidente na selección e organización dun patrimonio cultural que se pretende exhibir na cultura receptora. Neste proceso

²² Entrevista persoal realizada a Artemio Laxe (Salvaterra 24/4/00).

créanse uns estereotipos da propia cultura que intentan reproducir fidelisimamente vivencias e prácticas da comunidade abandonada. Así existe un discurso insistente na «autenticidade» dos ítems que se seleccionan e que veñen determinados por un interese na revalorización en función do pasado, da exhibición e da diferenza (Kinseblatt-Gimblett 1995).

Esta promoción da cultura propia no caso da Xuventude de Galicia/Centro Galego de Lisboa contribúe, ao mesmo tempo, no proceso aglutinador de músicos portugueses interesados en recuperar o seu propio patrimonio sonoro e concretamente a gaita-de-foles, influídos, ao mesmo tempo, pola proximidade entre culturas baseadas no eixe unificador global xurdido nas últimas décadas ao abeiro da idea do «celtismo».

BIBLIOGRAFÍA

- AUGÉ, Marc (1995): *Los no lugares. Espacios del anonimato. Una antropología de la sobremodernidad*, Barcelona, Gedisa Editorial.
- CONSIGLIERI, Carlos (1994): «Prefacio», en Rafael Bordalo Pinheiro, *Os galegos e outras historias*, Lisboa, Vega. Pp. 9-29.
- COPLAND, David B. (1990): «Ethnomusicology and the Meaning of Tradition», en S. Blum, P. V. Bohlman e D. M. Deuman (ed.), *Ethnomusicology and Modern Music History*, University of Illinois. Pp. 35-47.
- ERIKSEN, Thomas H. (1993): *Ethnicity & nationalism. Antropological perspectives*, London-Chicago-Illinois, Pluto Press.
- ESTEVEAN, José (1956): «Os Galegos em Lisboa», *Revista Municipal de Lisboa*, n.º 68, Lisboa. Pp. 33-46.
- FERNANDES ALVES, Jorge (1997): «Peregrinos do traballo. Perspectivas sobre a emigración galega en Porto», *Estudios Migratorios*, n.º 4, Santiago de Compostela, Arquivo da Emigración Galega, Consello da Cultura Galega.
- GARCÍA, Xosé L. (1996): «Patrimonio e cultura da emigración galega en Portugal», en M.ª Xosé Rodríguez Galdo e Afonso Vázquez-Monxardín (coord.), *Patrimonio cultural galego na emigración. Actas do Encontro*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega. Pp. 181-186.
- GÓNZALEZ REBOREDO, Xosé M. (1999): «Etnicidad y nacionalismo. El caso de Galicia», en Christiane Stallaert (dir.), *Hechos diferenciales y convivencias interétnicas en España*, Foro Hispánico 16, Ámsterdam-Atlanta, Editions Rodopi. Pp. 55-68.
- GRENIER, Line e Jocelyne GUIBAULT (1990): «Authority Revisited: the Other in Anthropology and Popular Música Studies», *Ethnomusicology*, vol. XXXIV, n.º 3.
- HIRSHBERG, Jeohash (1990): «Radical Displacement, Post Migration Conditions and Traditional Música», en *The World of Música*, vol. XXXII, n.º 3. Pp. 68-88.
- HIRSHBERG, Jeohash & Margaret SEARES (1993): «The Displaced Musician-Transplantation and Compartmentalization», *The World Música*, vol. 35, 3. Pp. 3-34.
- KIRSHENBLATT-GIMBLETT, Barbara (1995) «Theorizing Heritage», *Ethnomusicology*, vol. 39, n.º 3. Pp. 367-379.
- LÓPEZ TABOADA, José A. (1993): «Emigración gallega a Portugal en la primera mitad del siglo XIX», en Antonio Eiras Roel e Ofelia Rey Castelao, *Migraciones internas y médium distance en la Península Ibérica, 1500-1900*, vol. II. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. Pp. 417-425.
- MARTÍ I PÉREZ, Josep (1996): «Música y etnicidad: una introducción a la problemática», *TRANS* (Revista Transcultural de Música) n.º 2 [On line]. [Ref. do 10 de febreiro de 2005]. Disponible en web: www.sibetrans.com/trans/trans2/marti.htm.
- PUJADAS, Joan J. (1993): *Etnicidad. Identidad cultural de los pueblos*, Madrid, Eudema Antropología, Horizontes.
- REYES SCHRAMM, Adelaida (1990): «Música and Tradition: from Native to adopted Land Throught the Refugee Experience», *Yearbook for Traditional Música*, vol. 21. Pp. 25-35.
- RODRÍGUEZ CAMPOMANES, Pedro (1973): «Informe original de Campomanes sobre la emigración a Portugal de los habitantes de Galicia y el papel que el Marqués de Croix escribió en Diciembre de 1764 con dicho motivo», *Grial*, n.º 42. Pp. 422-429.
- SIXIREI PAREDES, Carlos (2001): *Asociacionismo galego no exterior*, vol. 1, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. [Colección A nosa diáspora. Da emigración á galeguidade].
- VEIGA OLIVEIRA, Ernesto (1982): «Gaita de foles», en *Instrumentos Musicales Populares Portugueses*, Lisboa, Fundação Calouste Gulbenkian.